



ACTA DE ADMISIÓN DE TODOS OS INTERESADOS MEDIANTE A APERTURA E CUALIFICACIÓN DO SOBRE ELECTRÓNICO ÚNICO (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS) E REQUIRIMENTO Á OFICINA TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUTURAS, ENXEÑERÍA E SERVIZOS (OTMAIES) PARA EMISIÓN DE INFORME

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: 2024/ABSSUB/000001

ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO TURISMO PHEV AO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

ACTO: Proceder a realizar a apertura e cualificación da documentación contida no sobre electrónico único (documentación administrativa e criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas) e requirimento á Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos para emisión de informe.

ÓRGANO QUE SE REÚNE: Mesa de Contratación.

DÍA: 11/09/2024

LUGAR: Segundo andar do edificio administrativo sito na rúa Michelena, 30, Pontevedra.

HORA DE INICIO: 10:20 horas.

HORA DE FIN: 10:32 horas.

No expediente mencionado na parte superior desta acta e no lugar, día e hora indicados, comparecen as persoas que de seguido se relacionan co obxecto de proceder a realización do acto mencionado no expediente de contratación indicado.

ASISTENTES:

PRESIDENTE: Concelleiro da área legal e económica	D. Raimundo González Carballo
SECRETARIO:	D. José Francisco González Neira (Xefe do Servizo de Contratación).
VOGAIS:	Dona Blanca Vega Lorenzo (Interventora Xeral Municipal). D. José Antonio García Mon (Director da Asesoría Xurídica). D. José Manuel Torres Corredoira (Enxeñeiro Adxunto ao Xefe de Servizo da OTMAIES).

A secretaría deste órgano da lectura ás empresas que se presentaron a este procedemento de contratación:

EMPRESAS QUE SE PRESENTARON A ESTE PROCEDEMENTO DE	APLICACIONES TECNOLÓGICAS JUMA, S.L.
---	--------------------------------------





CONTRATACIÓN	BAYSAN QUALITY PRO, S.L.
	GONZACAR, S.L.
	TRANSTEL, S.A.

Acto seguido, en acto non público, procédese a apertura dos sobres electrónicos únicos, que conteñen a documentación administrativa e a proposta ou oferta que se formulan polas entidades admitidas a este procedemento de contratación correspondentes aos criterios de adxudicación determinados no prego de cláusulas administrativas particulares.

Tras a apertura dos sobres electrónicos únicos a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Determinar que a documentación administrativa presentada polas entidades mencionadas anteriormente é correcta e en consecuencia admitir a estas empresas a este procedemento de contratación.

As ofertas contidas no sobre electrónico único (criterios avaliábles automaticamente) deben avaliarse conforme aos criterios de adxudicación determinados no prego de cláusula administrativas. As ofertas contidas no sobre electrónico único formuladas polas empresas son as seguintes:

EMPRESAS	Oferta económica (IVE incluído)	Potencia combinada	Autonomía modo 100% eléctrico	Incremento garantía electromecánica	prazo	Prazo garantía batería	Capacidade en baterías
APLICACIONES TECNOLÓGICAS JUMA, S.L.	54.764,60 €	252 CV	63 kms	3 anos		8 anos	14 kWh
BAYSAN QUALITY PRO, S.L.	54.098,01 €	243 CV	65 kms	3 anos		8 anos	14,4 kWh
GONZACAR, S.L.	49.111,95 €	178 KW	69 kms	1 ano		8 anos	14,4 kWh
TRANSTEL, S.A.	50.684,48 €	243 CV	69 kms	1 ano		8 anos o 160.000 kms	14,4 kWh

Vehículos ofertados:

APLICACIONES TECNOLÓGICAS JUMA, S.L.: HYUNDAI TUCSON FL 1.6T 252CV PHEV AT KLASS

BAYSAN QUALITY PRO, S.L.: FORD KUGA ST-LINE 2.5 DURATEC PHEV 178KW AUTO

GONZACAR, S.L.: NOVO FORD KUGA MCA – CX482- MODEL YEAR 2024.50

TRANSTEL, S.A.: FORD KUGA MCA ST-LINE 2.5 Duratec PHEV 178KW (243CV) Automático HF-45 E6.2

En relación con estas ofertas contidas no sobre electrónico único (criterios avaliábles automaticamente) a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Dar traslado destas ofertas para informe por parte da OTMAIES.

Finalizada a apertura de sobres, o Sr. Presidente da por finalizado o acto mencionado anteriormente e levanta a sesión do que eu, como Secretario, dou fe.

